CLUB VILALBA FS	TEMPADA EQUIPO FEMENINO	NOMINATIVA	6.000,00 €	3410.48900
SERGIO VALLEJO FOLGUEIRA	PARTICIPACIÓN RALLY DAKAR	NOMINATIVA	20.000,00 €	3410.48900
ANCARES BYKE	CARREIRA DE MONTAÑA ANCARES MTB RACE	NOMINATIVA	5.000,00 €	3410.48900
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	LUGO MARCHA CONTRA O CANCRO	NOMINATIVA	6.000,00 €	3410.48900
TOTAL			1.113.000,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
CLUB REMO CELEIRO	ADQUISICIÓN REMOERGOMETROS	NOMINATIVA	10.000,00 €	3410.789
CD SAN CIPRIÁN	ADQUISICIÓN VEHÍCULO FURGONETA	NOMINATIVA	17.000,00 €	3410.789
TOTAL			27.000,00 €	

b) Subvencións directas excepcionais plurianuais (Segundo o previsto no orzamento de 2023)

Previsión inicial: **0,00 €**

c) Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2023

Custo estimado e orzamento dispoñible inicialmente: **1.235.300,00 €**.

Os proxectos ou actividades desta liña poden ser dotados, a través dos distintos mecanismos de modificación orzamentaria.

13 - ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE

LIÑA 13.1 - AGRICULTURA, GANDEIRÍA E PESCA

Centro xestor: Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade

a) Subvencións directas nominativas (Segundo o previsto no orzamento de 2023)

Orzamento comprometido: **120.000,00 €**

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ALMOGA , S. Coop. Galega	Servizos aos asociados	NOMINATIVA	5.000,00 €	4190.48900
Asoc. de Asesores Rurais de Galicia	ACTIVIDADES E Funcionamento	NOMINATIVA	10.000,00 €	4190.48900
Asociación CORRIPA	Xornadas de desenvolvemento rural	NOMINATIVA	18.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN CATRO CAÑOS	ORGANIZACIÓN FESTIVAL VENDAVAL RIBADEO	NOMINATIVA	5.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN SEMENTE MONFORTE DE LEMOS	VII CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS SEMENTE RIBEIRA SACRA	NOMINATIVA	3.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN CULTURAL aS CAVARCAS	ACTIVIDADES	NOMINATIVA	3.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN DE CRIADORES DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA	ACTIVIDADES	NOMINATIVA	3.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN DE PRODUTORES DE LEITE ECOLÓXICO DE GALICIA	ACTIVIDADES	NOMINATIVA	3.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA	ACTIVIDADES	NOMINATIVA	15.000,00 €	4190.48900
SOCIEDADE GALEGA DE PASTOS E FORRAXES	ACTIVIDADES	NOMINATIVA	3.000,00 €	4190.48900
COLEXIO DE ENXEÑEIRO S TÉCNICOS AGRÍCOLAS DE LUGO	ACTIVIDADES FORMATIVAS	NOMINATIVA	3.000,00 €	4190.48900
COLEXIO DE VETERINARIOS DE LUGO	ACTIVIDADES FORMATIVAS	NOMINATIVA	3.000,00€	4190.48900

Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia (OVICA)	ACTIVIDADES	NOMINATIVA	10.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS SAN ROSENDO	FESTAS DE SAN ROSENDO 2023	NOMINATIVA	4.000,00 €	4190.48900
TOTAL			88.000,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS	Expolugo "A Rural"	NOMINATIVA	20.000,00 €	4190.48903
TOTAL			20.000,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	PÁXINA WEB "EO ALIMENTA"	NOMINATIVA	2.000,00 €	4190.789
MUSEO VIVO E INTEGRADO DO CAMPO E DA LOCOMOCIÓN AGRARIA (AAMUVICLA)	AMPLIACIÓN DO MUSEO	NOMINATIVA	10.000,00 €	4190.789
TOTAL			12.000,00 €	

b) Subvencións directas excepcionais plurianuais (Segundo o previsto no orzamento de 2023)

Previsión inicial: **375.419,23 €**

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
Asociación nacional de criadores de ganado vacuno selecto de raza Rubia Gallega (ACRUGA)	DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS LUCENSES	Excepcional plurianual	172.000,00 €	4190.48900
ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA (ACRUGA)	PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN REPRODUTORAS LIBRO XENEALÓXICO RAZA RUBIA GALEGA	Concurrencia non competitiva	200.000,00 €	4190.48900
TOTAL			372.000,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
sindicato labrego galego	"rec variedades locais de froiteiras e posta en valor do territorio"	Excepcional plurianual	3.419,23 €	4190.789
TOTAL			3.419,23 €	

c) Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2023

Custo estimado e orzamento dispoñible inicialmente: **565.000,00 €**.

Os proxectos ou actividades desta liña poden ser dotados, a través dos distintos mecanismos de modificación orzamentaria.

LIÑA 13.2 - MOCIDADE**Centro xestor:** Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidadea) Subvencións directas nominativas (Segundo o previsto no orzamento de 2023)Previsión inicial: **38.500,00 €**

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
CAMIÑA, ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE	MEDRAR DENDE O LECER	NOMINATIVA	5.000,00 €	3342.48900
ASOCIACIÓN CULTURAL FANTO FANTINI	ORGANIZACIÓN FESTIVAL OSSA DO MAR 2023	NOMINATIVA	12.000,00 €	3342.48900
ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA AS MINAS	ORGANIZACIÓN FESTIVAL DAS MINAS 2023	NOMINATIVA	5.000,00 €	3342.48900
ASOCIACIÓN BOLA MEIGA	ORGANIZACIÓN MÁSTER FUTBOLÍN RÁBADE 2023	NOMINATIVA	1.500,00 €	3342.48900
TOTAL			23.500,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
FUNDACIÓN PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO	XUVENLUGO ANUALIDADE 2023	NOMINATIVA	15.000,00 €	3342.48903
TOTAL			15.000,00 €	

b) Subvencións directas excepcionais plurianuais (Segundo o previsto no orzamento de 2023)Previsión inicial: **0,00 €**c) Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2023Custo estimado e orzamento dispoñible inicialmente: **0,00 €**.

Os proxectos ou actividades desta liña poden ser dotados, a través dos distintos mecanismos de modificación orzamentaria.

14 - ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**LIÑA 14.1 - CULTURA****Centro xestor:** Culturaa) Subvencións directas nominativas (Segundo o previsto no orzamento de 2023)Orzamento comprometido: **706.200,00 €**

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
CONCELLO DE VILALBA	APORTACIÓN CONSERVATORIOS	Nominativa	15.000,00 €	3240.46200
CONCELLO DE MONFORTE	APORTACIÓN CONSERVATORIOS	Nominativa	15.000,00 €	3240.46200
CONCELLO DE VIVEIRO	APORTACIÓN CONSERVATORIOS	Nominativa	15.000,00 €	3240.46200
TOTAL			45.000,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
Concello da Pobra de Brollón	Gastos da Escola Municipal de música, danza e artes escénicas Samoeiro	Nominativa	8.000,00 €	3340.46200

Concello de Ribadeo	Ribadeo Indiano	Nominativa	20.000,00 €	3340.46200
TOTAL			28.000,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
FAPACEL	PROXECTO COA EDUCACIÓN POR DIANTE	NOMINATIVA	16.500,00 €	3340.48900
USC	PROXECTO ESTALMAT	NOMINATIVA	3.000,00 €	3340.48900
ASOCIACIÓN MÚSICO CRISANTO	GASTOS DE XESTIÓN E ACTIVIDADES	NOMINATIVA	28.000,00 €	3340.48900
ASOC. SOCIOEDUCATIVA ANTONIO GANDOY	GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES	NOMINATIVA	16.500,00 €	3340.48900
ASOCIACIÓN EDUCANDO EN FAMILIA	GASTOS DE FUNCIONAMENTO E XESTIÓN	NOMINATIVA	16.500,00 €	3340.48900
ASOC. ESCOLA DE MÚSICA ANTAS DE ULLA	GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES	NOMINATIVA	6.000,00 €	3340.48900
ASOC. AMIGOS DO MOSTEIRO DE FERREIRA DE PALLARES	GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES	NOMINATIVA	5.000,00 €	3340.48900
REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES (RAGBA)	GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES	NOMINATIVA	9.000,00 €	3340.48900
AGAPEMA	GASTOS DA OLIMPIADA MATEMÁTICA	NOMINATIVA	2.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA AS FACHAS DE TABOADA	CELEBRACIÓN DA FESTA DAS FACHAS	NOMINATIVA	3.000,00 €	3340.48900
ASOC. DE GAITEIR@S GALEG@S	Gastos de xestión e funcionamento da Tradescola e actividades	NOMINATIVA	70.000,00 €	3340.48900
AAVV SAN MARTIÑO DE VILELOS	CELEBRACIÓN FESTA DAS FACHAS	NOMINATIVA	3.000,00 €	3340.48900
ASOC. XUV. E CULTURAL OS TURULECAS DO INCIO	Danzas da Cervela	NOMINATIVA	3.000,00 €	3340.48900
FUND. MANUEL MARÍA	Gastos de xestión e funcionamento	NOMINATIVA	50.000,00 €	3340.48900
PREMIO OTERO PEDRAYO	Premio Otero Pedrayo	NOMINATIVA	2.000,00 €	3340.48900
USC	Lugo Cultural	NOMINATIVA	20.000,00 €	3340.48900
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA	Feiras do libro da provincia de Lugo	NOMINATIVA	5.000,00 €	3340.48900
ASOC. ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG)	Gastos de funcionamento e actividades	NOMINATIVA	20.000,00 €	3340.48900
FILARMÓNICA DE MONFORTE	Gastos de funcionamento e actividades	NOMINATIVA	6.600,00 €	3340.48900
FUNDACIÓN UXÍO NOVONEYRA	Gastos de funcionamento e actividades	NOMINATIVA	20.000,00 €	3340.48900
GRUPO CINEMATOGRAFICO FONMIÑÁ	Semana do Cine	NOMINATIVA	35.000,00 €	3340.48900
IESCHA	Publicación e Actividades	NOMINATIVA	6.000,00 €	3340.48900

ASOCIACIÓN OF OUTONO FOTOGRÁFICO	PREMIO DE GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA	NOMINATIVA	3.000,00 €	3340.48900
ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DO FOLIÓN	FOLIÓN DE CARROS DE CHANTADA	NOMINATIVA	6.500,00 €	3340.48900
MUSEO DO POBO GALEGO	Gastos de funcionamento e actividades	NOMINATIVA	15.000,00 €	3340.48900
REAL ACADEMIA GALEGA	Gastos de funcionamento	NOMINATIVA	9.000,00 €	3340.48900
SOCIEDADE FILARMÓNICA DE LUGO	Realización de concertos Tempada 2023	NOMINATIVA	15.000,00 €	3340.48900
ASOC. AS SAN LUCAS MONDOÑEDO	Feiras As San Lucas	NOMINATIVA	20.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL O CASTAÑAZO	Castañazo Rock	NOMINATIVA	12.000,00 €	3340.48900
ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	Premio M ^a Luz Morales	NOMINATIVA	2.000,00 €	3340.48900
ASOC. AMIGOS DO JAZZ ESCOBIJAZZ	Festival de Jazz de Lugo	NOMINATIVA	22.000,00 €	3340.48900
ASOC. CORRELINGUA	Gastos de xestión e actividade	NOMINATIVA	20.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL ESMORGAT	ESMORGAT FEST (Festival Indie de Sarria)	NOMINATIVA	7.000,00 €	3340.48900
Asociación Sociocultural Mariña patrimonio	Charlas, xornadas, e actividades	NOMINATIVA	5.000,00 €	3340.48900
Asociación Cultural XERMOLOS	Festival de Pardiñas	NOMINATIVA	20.000,00 €	3340.48900
Asoc. O Teixo, de Piornedo	PANDEIRA 2023. Encontro de tocadoras	NOMINATIVA	4.000,00 €	3340.48900
A MESA pola normalización lingüística	Funcionamento e Actividades	NOMINATIVA	15.000,00 €	3340.48900
Asoc. CULTURAL LUGO PATRIMONIO	Gastos de funcionamento e Actividades	NOMINATIVA	8.000,00 €	3340.48900
ASOC. DE VECIÑOS DE SALCEDO	CELEBRACIÓN DO ENTROIDO DO OSO DE SALCEDO	NOMINATIVA	3.000,00 €	3340.48900
Asoc. De veciños María Castaña (A Pobra de Brollón)	Gastos de funcionamento e actividades	NOMINATIVA	15.000,00 €	3340.48900
Asociación Cultural "Cantigas e Froes"	Actividade "Feira do 48"	NOMINATIVA	6.000,00 €	3340.48900
Asociación de veciños de Vilacha de Salvadur	Posta en valor do Castro do Castrelado	NOMINATIVA	4.000,00 €	3340.48900
AS-PG	Funcionamento e Actividades	NOMINATIVA	12.000,00 €	3340.48900
ADEGA	Funcionamento e Actividades	NOMINATIVA	8.000,00 €	3340.48900
Asoc Sociocultural Feira dos Callos de Parga	Parga Festival Rock no Camiño	NOMINATIVA	6.600,00 €	3340.48900
Facela Producciones	FA CE LA FEST 2023	NOMINATIVA	17.000,00 €	3340.48900
Camino escena Norte AIE	Encontro profesional de artes escenicás Habitación Peregrina Pro	NOMINATIVA	9.000,00 €	3340.48900
ASOC. DE DESARROLLO RURAL SERRA DO CAUREL	COUREL SON	NOMINATIVA	3.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL CASTIÑEIRO MILENARIO	FESTIVAL 27373	NOMINATIVA	5.000,00	3340.48900
TOTAL			618.200,00 €	

LIÑA DE SUBVENCIÓN/ PERCEPTOR	CONCEPTO	MODALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
FUNDACIÓN UXÍO NOVONEYRA	Rehabilitación sede para usos culturais	Nominativa	15.000,00 €	3340.789
TOTAL			15.000,00 €	

b) Subvencións directas excepcionais plurianuais (Segundo o previsto no orzamento de 2023)

Orzamento comprometido: **0,00 €**

c) Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2023

Aquelas que se definan ao longo da vixencia deste plan dentro da liña de Cultura.

Dentro destas actuacións aparece no orzamento do 2023 un programa Premios e becas para o estudo e a investigación.

Custo estimado e orzamento dispoñible inicialmente: **304.800,00 €**.

Lugo, 5 DE ABRIL DE 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón”

R. 1050

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 11 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A MANTEMENTO E CONSERVACIÓN (ARQUITECTO/A TÉCNICO/A), INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

- Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por resolución da presidencia de 21.03.2023, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluída, composición do Tribunal e data de constitución e posterior valoración de méritos (BOP 070, do 25.03.2023), do procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a mantemento e conservación (arquitecto/a técnico/a), cota xeral (BOP 242, do 21/10/2022), incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre.

Con data 27.03.2023 e número de rexistro de entrada 2023RT004630 e 2023RT004633 dona Patricia Abelleira Sánchez e dona Susana Abelleira Lence presentan escritos pedindo a recusación do vogal don José López-Cancelos Rodríguez motivando causa de abstención regulada no artigo 23 da Lei 40/2015 do 30 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público.

Don José López-Cancelos Rodríguez, nomeado vogal do Tribunal cualificador do dito procedemento selectivo, solicita, mediante escrito de data 29.03.2023, non participar no proceso selectivo por ter causa de abstención prevista no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

*En base ao anteriormente exposto, apreciándose causa de abstención, débese acceder ao solicitado e, conforme ao sinalado na base xeral 7.3 que literalmente sinala: “A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior”, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, **RESOLVA:***

1º.- Ordenar a don José López-Cancelos Rodríguez, nomeado como vogal titular por resolución da presidencia do 21.03.2023 (BOP núm. 070, do 25.03.2023) para formar parte do Tribunal do procedemento selectivo de Técnico/a mantemento el conservación- arquitecto/a técnico/a (BOP 241 de 21/10/2022), que se absteña de intervir no procedemento selectivo, por apreciar a causa de abstención á que se refire o artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, resolvendo a recusación formulada polas

aspirantes admitidas dona Patricia Abelleira Sánchez e dona Susana Abelleira Lence e a abstención solicitada polo propio interesado.

2º. Nomear como substituto de don José López-Cancelos Rodríguez a don Héctor Diéguez Aranda, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías Obras da Deputación de Lugo.

3º. Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución non caberá recurso algún sen prexuízo de que poida alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 12 de abril de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1086

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 11 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR COLABORADOR/A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

- Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por resolución da presidencia de 21.03.2023, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, composición do Tribunal e data de constitución e posterior valoración de méritos (BOP núm. 070, do 25.03.2023), do procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada auxiliar colaborador/a tecnoloxías da información, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre, publicándose no BOP núm. 070, do 25.03.2023.

Con data 27.03.2023 e número de rexistro de entrada 2023RT004499, Dona María Isabel Ron Torres, nomeada vogal do Tribunal cualificador do dito procedemento selectivo, solicita non participar no proceso selectivo por ter causa de abstención prevista no art.23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

*En base ao anteriormente exposto, apreciando causa de abstención, débese acceder ao solicitado e, conforme ao sinalado na base xeral 7.3 que literalmente sinala: “A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior”, proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, **RESOLVA:***

1º.- Ordenar a dona María Isabel Ron Torres, nomeada como vogal titular por resolución da presidencia do 21.03.2023 (BOP núm. 070, do 25.03.2023) para formar parte do Tribunal do procedemento selectivo de auxiliar colaborador/a tecnoloxías da información (BOP 241 de 21/10/2022), que se absteña de intervir no procedemento selectivo, por apreciar a causa de abstención á que se refire o artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, resolvendo e a abstención solicitada pola interesada.

2º. Nomear como substituta de dona María Isabel Ron Torres a dona Ana María López López, responsable-coordinadora deseño e comunicación gráfica na Unidade de Deseño Gráfico do Servizo de Comunicación e TIC's da Deputación de Lugo (que figuraba como vogal suplente), e como vogal suplente a don José Manuel Muras Rodrigo, técnico superior desenvolvemento aplicacións informáticas na Sección de Informática Recadación da Deputación de Lugo.

3º. Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, non caberá recurso algún sen prexuízo de que poida alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 12 de abril de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R. 1085

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 11 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A MANTEMENTO INDUSTRIAL, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

- Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por resolución da presidencia de 21.03.2023, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, composición do Tribunal e data de constitución e posterior valoración de méritos (BOP núm. 070, do 25.03.2023), do procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a mantemento industrial, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre, publicándose no BOP núm. 070, do 25.03.2023.

Con data 28.03.2023, Dona Carmen Lage Fernández, nomeada vogal do Tribunal cualificador do dito procedemento selectivo, solicita mediante escrito, non participar no proceso selectivo por ter causa de abstención prevista no art.23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

*En base ao anteriormente exposto, apreciándose causa de abstención, débese acceder ao solicitado e, conforme ao sinalado na base xeral 7.3 que literalmente sinala: “A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior”, proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, **RESOLVA**:*

1º.- Ordenar a dona Carmen Lage Fernández, nomeada como vogal titular por resolución da presidencia do 21.03.2023 (BOP núm. 070, do 25.03.2023) para formar parte do Tribunal do procedemento selectivo de técnico/a mantemento industrial (BOP 241 de 21/10/2022), que se absteña de intervir no procedemento selectivo, por apreciar a causa de abstención á que se refire o artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, resolvendo a abstención solicitada pola interesada.

2º. Nomear como substituta de dona Carmen Lage Fernández a dona Delia López Rodríguez, xefa da Sección de Actas e Asuntos Xerais da Deputación de Lugo.

3º. Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, non caberá recurso algún sen prexuízo de que poida alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 12 de abril de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R. 1087

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 04/04/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril do 2023 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 05/06/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 4 de abril de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 1051

CASTRO DE REI

Anuncio

Nomeamento de funcionarios interinos.

Dentro do Programa de Fomento do Emprego 2022 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, para a selección de catro peóns de servizos múltiples no Concello de Castro de Rei, e mediante Resolución de Alcaldía, 736/2022 de data 15/12/2022, nomeouse a Antonio García Fernández, con DNI ***0494**, Manuel Neira Darriba, con DNI ***5915**, Jesús Rodríguez Fernández, con DNI ***0515** e a Félix Carballo Casavieja, con DNI ***9628**, para desempeñar os postos de traballo de peóns de servizos múltiples, como persoal funcionario en réxime de interinidade de acordo co establecido no artigo 10.1.b) do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cunha duración de nove meses dende a toma de posesión de data 2 de xaneiro de 2023.

Castro de Rei, de 5 abril de 2023.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1060

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS. Expte nº 29/2023.

Sendo aprobada inicialmente a “Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas auga e hidrocarburos do Concello de Castroverde (Lugo)” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 26.01.2023, e transcorrido o prazo de 30 días de exposición pública sen presentarse alegacións contra a ordenanza, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de bases de réxime local, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 46 en relación co artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, do 23 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa.

O texto íntegro da Ordenanza Fiscal aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

Preámbulo

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 57, 15 e seguintes, do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigos 20 e seguintes do mesmo texto normativo, en especial o artigo 24.1 do propio corpo normativo, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal a **Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos** conforme ao réxime e ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza resultantes dun informe técnico económico preceptivo cuxo método de cálculo e parámetros previstos non mesmo foron declarados conforme a dereito polo Tribunal Supremo citándose, ao efecto, as sentenzas 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] e n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019], entre outras, que validan este modelo de Ordenanza e fixan o contido e exixencias da mesma.

ARTICULO 1º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN: Veñen obrigados ao pago da taxa que regula a presente ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 35 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións do mesmo que se diran, ou que veñan gozando de ditos beneficios.

A aplicación da presente ordenanza se refire ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa a satisfacer establecida non artigo 24.1.a), do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo aproveitamento especial do dominio público local, nas que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e que ocupen o chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas para o artigo 24.1.c).

ARTICULO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE: Constitúe o feito Impoñible da taxa, conforme ao artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, o aproveitamento especial do dominio público local no chan, subsolo e voo, con:

- a) **Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que, aos meros efectos enunciativos, defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outros subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constituían aproveitamento do dominio público local non recollidos neste apartado.**
- b) **Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.**

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan ou dominio público en xeral.

Aos efectos da presente ordenanza se entende por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que estean non termo municipal así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por iso denominar bens patrimoniais.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que gocen ou aproveiten o dominio público local.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de auga, gas, electricidade, e hidrocarburos, sempre que gocen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei de Facendas Locais tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, subministran e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello ou en calquera outro lugar pero que aproveitan, afectando as súas instalacións, o dominio público local.

ARTICULO 4º.- BASES, TIPOS E COTAS TRIBUTARIAS. A regulación das taxas da presente ordenanza será a seguinte:

Constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no anexo, conforme ao previsto no artigo 24.1.a) do TRLHL, polo aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas polo devandito aproveitamento especial do dominio público local fíxase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, coma se os bens afectados non fosen de dominio público, adoptados á vista dun informe técnico-económico no que se pon de manifesto o valor de mercado. Devandito informe incorpórase ao expediente para a adopción do correspondente acordo, conforme se establece no artigo 25 do RDL 2/2004 en vigor.

A tal fin e en consonancia co apartado 1. a) do artigo 24 da Lei reguladora das Facendas Locais, atendendo á natureza específica do aproveitamento especial, resultará unha cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, tubaxes, liñas, condutores, repetidores, etc., que se asenten e atravesen bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedade sobre os terreos afectados, minguan con todo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre os mesmos un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A Cota Tributaria resultará de calcular, en primeiro lugar, a Base Impoñible que ven dada polo valor total da ocupación, chan e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase que reflicte o estudo, á que se aplicará o tipo impositivo que recolle o propio estudo en atención ás prescricións das normas sobre cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a Base Impoñible, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

A tal fin, e conforme á esixencia do Tribunal Supremo nas Sentenzas, por todas, a de 3 decembro de 2020 que motivan esta ordenanza, establécense en atención á xustificación do Estudo, dous tipos impositivos diferentes en atención á intensidade do uso do dominio público local:

- a) O 5% nos aproveitamentos especiais das instalacións tales como caixas de amarre, liñas subterráneas, torres metálicas, apoios, transformadores, depósitos ou outros elementos similares.
- b) O 2,5% no aproveitamento dos restantes elementos tales como liñas aéreas ou cables de transporte de enerxía.

En consecuencia, a cota tributaria da taxa está contida no Anexo de Tarifas correspondente ao Informe Técnico-Económico que forma parte desta ordenanza no que coa metodoloxía empregada obtivo e recolleu a cota tributaria en cada caso.

ARTIGO 5º.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento no aproveitamento especial do dominio público local, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de uso ou aproveitamento especial, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por cesamento na utilización ou aproveitamento especial, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local, no momento de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o goce do aproveitamento especial ou a utilización do dominio público local a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento en que se iniciou o citado aproveitamento ou utilización do dominio público local.

3. Cando os aproveitamentos especiais ou utilizacións do dominio público local se prolonguen durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

ARTICULO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. Alternativamente ao réxime de autoliquidación, se así o desexa o suxeito pasivo, poderá presentar declaración en canto aos elementos e demais para calcular as cotas tributarias. No caso de que o suxeito pasivo non presente autoliquidación no prazo que establece este artigo ou, no seu caso, non presente declaración, por parte da Administración esixirase o pago da taxa mediante notificación das cotas ao suxeito pasivo. As autoliquidacións presentadas polas empresas obrigadas poderán ser obxecto de verificación e comprobación pola Administración Municipal, que practicará, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan

2.- As cantidades exixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado da seguinte forma:

a) Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, xunto coa solicitude de autorización para gozar do aproveitamento especial, presentárase debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa ou noutro caso aplicárase o parágrafo seguinte.

Alternativamente, se así o prefire o suxeito pasivo, poden presentarse en Secretaría os elementos da declaración ao obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda. Neste suposto, expedirase un abonarei ao interesado, ao obxecto de que pode satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo que proceda, nos lugares de pago indicados no propio abonarei.

b) En supostos de aproveitamentos ou utilizacións xa existentes ou autorizados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilitar o pago, ou no caso de que o suxeito pasivo non achegue datos, unha vez transcorrido devandito prazo, o Concello levará a cabo a pertinente liquidación e poderá remitir ao domicilio do suxeito pasivo un documento liquidatorio apto para permitir o pago en entidade bancaria colaboradora ou en caixa municipal.

Porén, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obrigaición de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello reservándose este o dereito a aplicar os mecanismos da LGT.

3.- O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, nese caso ordenárase o cargo en conta bancaria durante a última quincena do período de pago voluntario.

En todo o non previsto na presente ordenanza relativo ás normas de xestión e recadación, ou que contradiga a Lei Xeral Tributaria, estarase ao establecido nesa Lei polo seu carácter xeral.

ARTIGO 7º.- NOTIFICACIÓNS DAS TAXAS.

1.- A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos ou utilizacións a que se refire esta ordenanza realizarase ao interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación ou en que leva a cabo a notificación da liquidación da mesma, se aquela non se presentase.

Non obstante o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

